



mostra
internacional
de teatro
de ribadavia

▶▶ do 17 ao 27 de xullo de 2020

CONCURSO: “A TÚA PRIMERIA MIT”

Se tes **entre 15 e 18 anos** anímate a participar, enviando a concurso@laregion.es un texto alusivo a algunha das representacións teatrais, **escrito en lingua galega non superior a 3000 caracteres** e acompañado dunha fotografía orixinal de un ou varios dos espectáculos da MIT de este ano. Pódolo enviar **ata o día 27 de xullo**. Os gañadores salirán publicados en La Región o día 30 de xullo.

Consulta as bases en concursos.laregion.es

PREMIOS

1º 100€, a publicación do artigo en La Región, e unha estadía para 4 persoas dunha noite, no Hotel Spa Oca Praia de Foz.

2º 50€, a publicación do artigo en La Región e un lote de produtos Coren, valorado en 50€.

3º Publicación do artigo en La Región e un lote de produtos Coren, valorado en 30€.

La Región
Lo que cuenta es Ourense

Concurso "A túa primeira MIT"

A MIT en colaboración con La Región, pon en marcha un proxecto novo para público adolescente. Concurso "A túa primeira MIT"

Xornalismo, cultura e xuventude

Obxeto:

A MIT pon en marcha un programa específico para público adolescente.

O proxecto nace coa intención de fomentar a participación da xuventude nos ámbitos cultural e periodístico. Tamén o fomento dos valores culturais, do uso da lingua galega e do patrimonio.

Duración e ámbito:

Entrarán no concurso todos os textos recibidos ate o 27 de xullo de 2020. Calquer texto recibido despois de esa data quedará fora do concurso. La Región e a MIT resérvanse o dereito a suspender, aplazar ou cancelar o concurso, en calquera momento anterior ao seu peche, sempre que existan causas que así o xustifiquen. Tamén poderá ampliar o prazo se o consideran oportuno. Así mesmo, La Región, resérvase o dereito de evitar que sobre este concurso se establezan sistemas de especulacións ou de negocios, ou unha participación fraudulante. Ata o fin, podrá exercitar as accións legais que estime oportunas.

Mecánica do concurso:

- Trátase dun concurso destinado a público adolescente, entre 15 e 18 anos.
- Os textos deberán expresar unha reflexión orixinal sobre algunha experiencia e/ou a recepción dalgún espectáculo ou varios espectáculos que formen parte da programación da MIT de Ribadavia, apoiado por unha imaxe de ese espectáculo.
- Todos os textos deberán acompañarse do nome e apelidos do participante, idade, un número de contacto, correo electrónico e DNI (estos datos contrastarán co DNI que se solicitará en caso de resultar premiado).
- As propostas gañadoras serán publicadas no periódico La Región.
- Os textos deberán enviarse ao seguinte enderezo electrónico con data límite do 27 de xullo: concurso@laregion.es
- O acto de entrega terá lugar nas instalacións de La Región, con representantes da MIT e do grupo de comunicación ourensán.

Requisitos a cumprir polos participantes e polos textos:

- Poderán participar todas as persoas entre 15 e 18 anos.
- O texto deberá estar escrito en lingua galega.
- Non deberá de ser superior a 3.000 caracteres e ten que ir acompañado dunha fotografía orixinal da MIT 2020.
- Deberá entregarse en formato PDF.

Límites e autorizacións:

- Cada participante poderá enviar un número ilimitado de textos.
- Non podrán participar no concurso nin os empregados de La Región nin os empregados do MIT, así como cónxuxes, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade ata 2º grao (inclusive) dos anteriores.
- O premio será entregado ao gañador coa previa presentación do DNI. La Región notificará o gañador o modo de recoller o seu premio, mediante correo electrónico (remitido o enderezo facilitado polos participantes) ou mediante unha chamada telefónica.
- O premiado deberá presentar o consentimento dos seus pais ou tutores legais para a aceptación do premio.
- Todos os textos pasarán a ser propiedade de La Región que os poderá empregar con calquera fin.
- La Región e a MIT non teñen a obriga de enviar os premios a os domicilios dos gañadores, tendo estes que persoarse a recollelos.
- La Región e a MIT resérvanse o dereito a descalificar todos aqueles textos de procedencia dudosa.

Descrición dos premios:

Os textos serán elixidos do seguinte modo:

- Xurado: Os gañadores/as escolleranse entre unha persoa designada por La Región e unha persoa designada pola MIT. O fallo será inapelable.

Os concursantes optan a 3 categorías de premios

- 1º premio: 100 €, unha estada para 4 persoas (estancia de unha noite en réximen de aloxamento e almorzo, e acceso ó spa para as catro persoas) no Hotel Spa Oca Praia de Foz.
- 2º premio: 50 €, un lote de produtos Coren valorado en 50€ e a publicación do artigo en La Región.

•3º premio: Un lote de produtos Coren e publicación do artigo en La Región.

Os ganadores finais, publicaránse en La Región, o xoves día 30 de xullo.

Cesión de dereitos:

A aceptación do premio presupón a cesión gratuita a favor de La Región do dereito de reprodución do texto por parte do autor, dereito do que fará uso La Región conforme a normativa vixente na materia.

As entidades organizadoras resérvanse o dereito de declarar deserto total ou parcialmente o presente concurso.

. A participación no presente concurso presupón:

- A aceptación íntegra de todas as cláusulas contidas nestas bases.
- A autorización por parte do participante para publicar o seu traballo na edición impresa como en todos os medio dixitais que La Región estime oportuno, puidendo incluso citar os seu nome e apelidos, así como o seu lugar de residencia.
- A autorización para incluír os datos personais do concursante na Base de Datos propiedad de La Región, para futuras comunicacións da marca. Non obstante os interesados poderán, en calquera momento, exercitar os dereitos de acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos sus datos así como oporse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmo, previstos no Regramento Xeral da Protección de Datos 2016/679 (RGPD), mediante a comunicación escrita e adxuntando a fotocopia do DNI.

Duración e ámbito:

Entrarán no concurso todos os textos recibidos ate o 27 de xullo de 2020. Calquer texto recibido despois de esa data quedará fora do concurso. La Región e a MIT resérvanse o dereito a suspender, aplazar ou cancelar o concurso, en calquera momento anterior ao seu peche, sempre que existan causas que así o xustifiquen. Tamén poderá ampliar o prazo se o consideran oportuno. Así mesmo, La Región, reservase o dereito de evitar que sobre este concurso se establezan sistemas de especulacións ou de negocios, ou unha participación fraudulenta.